ECOBAS

Economics and Business Administration for Society



Boletín

Decembro 2021

SUMARIO

Entrevista: Carlos Hervés
Director de ECOBAS

Nova Web de ECOBAS

Últimos proxectos e convenios acadados

Novas máis destacadas de ECOBAS

Outras novas destacadas

A Fondo: Os seminarios ECOBAS

Últimas publicacións en revistas de impacto

Premios e bolsas

Últimas teses defendidas

Save the date

Comités editoriais

Comités Nacionais

Destinos das novas doutoras

Chamada á adscrición a ECOBAS

ENTREVISTA

Carlos Hervés

DIRECTOR DE ECOBAS E MEDALLA DE INVESTIGACIÓN DA RAGC

Centro de Investigación Interuniversitario

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) ven de celebrar a terceira edición das Medallas de Investigación, que recoñece as traxectorias de cinco científicos e científicas en activo das tres universidades galegas.

Este ano, **a medalla Domingo García-Sabell Rivas, da sección de Ciencias Económicas e Sociais, foi para Carlos Hervés Beloso** (Marín, 1953), catedrático da Universidade de Vigo desde 1989. Hervés exerce ademais como docente e investigador desde 1975, e no 2015 asumiu a dirección do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS, o primeiro centro de Economía e Empresa de Galicia, que pon o foco na sustentabilidade económica, ambiental e social.

¿Como nace a vocación científica e como foi a súa evolución profesional ata chegar a este recoñecemento?

Foi o resultado de varias circunstancias. Seguramente, a primeira foi a influencia de meu pai. El non chegou a estudar o bacharelato, pero era unha persoa culta que admiraba, sobre todo, ós científicos. Falábame de Aristóteles, Platón, Euclides, Descartes, Gauss, Einstein o Marie Curie antes de que eu coñecera eses nomes nos meus estudos.

Na Universidade de Santiago, tiven a sorte de ter excelentes profesores e pronto souben que quería seguir o seu exemplo. Conseguín una beca de formación de persoal investigador que disfrutei na Universidade de Nancy e, despois de publicar o meu primeiro traballo de investigación nos Comptes Rendues de l´Academie des Sciences de Paris (1978), defendín a miña tese doutoral na USC (1979). Ese ano conseguín un contrato postdoutoral en Trinity College (Dublin) que me permitiu seguir formándome como investigador. Tanto en Francia como en Irlanda aprendín moito dos meus supervisores, académicos recoñecidos internacionalmente, ademáis de excelentes persoas, que foron e seguen a ser, moi xenerosos comigo.

Máis tarde compartín -e quero pensar que tamén souben trasmitir- a miña vocación pola investigación con aqueles que se iniciaron nela traballando as súas teses doutorais comigo, e que se convertiron nos meus mellores coautores/as, cos que sigo colaborando e aprendendo.

No meu caso, **o traballo de investigación, cando é compartido con colegas, crea lazos de amizade que fan máis levadeiro o traballo duro, máis agradable e satisfactorio o tempo de descanso e máis atractivo asumir novos retos.**

¿Cales foron os logros profesionais que lle aportaron maior satisfacción ó longo destes anos de traballo?

Os primeiros logros foron os premios extraordinarios de licenciatura e doutoramento, pola satisfacción da miña familia e porque, xunto coa publicación do meu primeiro artigo nunha revista académica de difusión internacional que naqueles anos era excepcional para un estudante aínda non doutorado, facilitáronme o acceso á carreira académica. Moi pronto aprobei as oposicións de Profesor Adxunto de Universidade, dirixín unha tese doutoral da que xurdiron varios artigos publicados en revistas indexadas de economía e recibín unha invitación como "Visiting Scholar" do director de Departamento de Economía da Universidade de Harvard, que despois de obter a cátedra, completei entre agosto e decembro de 1989.

Carlos Hervés

"A investigación en ciencias sociais está máis presente do que parece na realidade cotiá. As novas de cada día conteñen información económica que é consecuencia de traballos de investigación previos".

Cando volvín de EE. UU, incorporeime como catedrático ao Departamento de Economía da Universidade Carlos III de Madrid. Desde 1993 ata finais de 1995 fun o director dese Departamento e membro da Comisión Interuniversitaria de Madrid, en representación do Reitor da Universidade Carlos III.

De volta á Universidade de Vigo, fun membro da Comisión Interuniversitaria de Galicia en representación do reitor. En 2011 fun nomeado Fellow da **Society for the Advancement of Economic Theory** e en 2012 **Mebro de Honra da Sociedade Española de Economía.**

Pero sen dúbida, a maior satisfacción foi, e segue a ser, o poder traballar con colegas cos que desfruto aprendendo e compartindo coñecemento para tratar de mellorar cada día.

¿Por que é tan importante achegar a figura da ciencia e do investigador á sociedade? No caso concreto das ciencias sociais, ¿cre que a cidadanía pode ter un concepto equivocado e subestimar a súa importancia?

Estes tempos de pandemia destacaron a importancia da investigación e do valor social dos investigadores.

A figura do investigador percíbese moi frecuentemente como alguén que traballa nun laboratorio con aparatos sofisticados. Sen embargo, a investigación está presente en todos os ámbitos que nos afectan como seres humanos, e é frecuentemente interdisciplinaria, polo que require activos en distintas áreas do coñemento. Os investigadores nos ámbitos da economía e da empresa avalían a eficiencia ou ineficiencia dos proxectos a través dunha análise custo-beneficio e analizan os efectos sociais que poidan derivarse.

Os estudos económicos a través de modelos acompañados por datos empíricos tratados con métodos econométricos permiten extraer informacións valiosas sobre o estado da sociedade e o camiño a seguir. Estes modelos convencéronnos da importancia de avanzar na senda da sustentabilidade da actividade económica, da necesidade dunha economía circular ou da inxustiza e ineficiencia que supón a desigualdade de oportunidades como o é a desigualdade de xénero. No marco das empresas a investigación da paso a distintas alternativas para a innovación, as melloras na organización, nas finanzas, a xestión ou para a internacionalización.

En realidade, a investigación en ciencias sociais está máis presente do que parece na realidade cotiá. As novas de cada día conteñen información económica que é consecuencia de traballos de investigación previos.

NOVA WEB ECOBAS

www.ecobas.gal

ESTREAMOS WEB

Estreamos dominio

Este mes estreamos nova páxina web, e queremos presentarcha. O novo portal, moito máis moderno e intuitivo, permite o acceso a toda a información de ECOBAS dunha soa ollada, facilitando a navegación. Queremos que a nosa web sexa o punto de referencia para atopar todas as novas relacionadas co Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS e co seu persoal investigador.
Atoparás unha completa axenda de eventos e seminarios, ofertas de emprego, etc.

En **www.ecobas.gal** poderás coñecer tamén a nosa axenda científica, os obxectivos, as liñas de acción, proxectos, e toda a actividade do Centro.

ÚLTIMOS PROXECTOS E CONVENIOS ACADADOS

Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitiva do sistema universitario de Galicia. Convocatoria 2021 modalidade Grupos de Referencia Competitiva (GRC) - Xunta de Galicia (280.000 €)

IP Santiago Lago Peñas

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega, cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de cento cincuenta e nove mil euros (159.000,00€).

IP USC - Maria Loureiro
IP UVigo - Xosé Henrique Vázquez
IP UDC - Enrique Peña González

A XUNTA E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS COLABORARÁN NA CUANTIFICACIÓN DOS RISCOS DO CAMBIO CLIMÁTICO NOS MUNICIPIOS LITORAIS DA COMUNIDADE

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda completará a plataforma de información xeorreferenciada na costa cunha terceira variable, a erosión, prestando un especial grao de detalle sobre os dous quilómetros cara ao interior

A partir das diferentes capas de información farase un inventario sobre os posibles riscos sobre a poboación, as infraestruturas, os sectores económicos e espazos naturais que debuxará na súa totalidade o visor cartográfico

A Xunta de Galicia e as tres universidades galegas colaborarán na cuantificación dos riscos derivados do cambio climático que poden afectar os concellos litorais da Comunidade.

Con toda esta información —que será de acceso libre a través do visor cartográfico— o persoal da Consellería de Medio Ambiente poderá identificar os danos e valorar economicamente os riscos dos efectos do cambio climático que poden implicar para a poboación que vive nestes concellos do litoral, para as infraestruturas e edificacións localizadas nestes lugares e para os espazos naturais.

FONTE: Comunicación Xunta de Galicia

NOVAS MÁIS DESTACADAS DE ECOBAS

OS REITORES DAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS ASINARON O CONVENIO DE CREACIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO ECOBAS

O seguinte paso para o centro será unha chamada coordinada á adscrición de novo persoal investigador por parte das vicerreitorías de investigación das tres universidades.

Preme aquí para ver o vídeo

CARLOS HERVÉS RECOÑECIDO COA MEDALLA DE INVESTIGACIÓN 2021 DA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS

Este ano, a medalla Domingo García-Sabell Rivas, que premia a sección de 'Ciencias Económicas e Sociais', foi para Carlos Hervés, director dE ECOBAS.

Preme aquí para ver o vídeo

ECOBAS INAUGUROU O ANO ACADÉMICO CUN SEMINARIO CIENTÍFICO DE ANTÓN COSTAS, PRESIDENTE DO CES

O xoves 22 de xullo foi a data na que a Agrupación Estratéxica ECOBAS foi recoñecida como centro de Investigación Interuniversitario polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

OS SEMINARIOS LIBRA DE OFICIO COMEZARON COA ZOQUEIRA ELENA FERRO COMO MADRIÑA

Para apoiar o inicio deste novo ciclo de seminarios, ECOBAS contou cunha madriña de excepción, Elena Ferro, Premio Nacional de Artesanía 2019.

Preme aquí para ver o vídeo

SAVES CONVENCE Ó COOPERATIVISMO E MARCA O PUNTO DE PARTIDA PARA A POSTA EN MARCHA DE NOVOS PROXECTOS

O acto oficial de presentación de SAVES (Sistema de Asistencia Virtual para o Cooperativismo e a Economía Social) tivo lugar na Escola Universitaria de Estudos Empresariais, centro da Universidade de Vigo.

OUTRAS NOVAS DESTACADAS

O PROFESOR ALBERTO GAGO TOMOU POSESIÓN COMO NUMERARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA DAS CIENCIAS

O doutor deu o seu discurso de entrada á RAGC cun relatorio titulado “Economía, Cambio Climático e Políticas Públicas”.

A FONDO

Os seminarios ECOBAS

CONTÁMOSCHE MÁIS SOBRE OS CICLOS DE SEMINARIOS DE ECOBAS

Centro de Investigación Interuniversitario

ECOBAS está a levar a cabo unha ampla axenda de eventos dentro das actividades deste ano académico. Un claro exemplo son os novos ciclos de seminarios propios que organizamos habitualmente e que vos presentamos polo miúdo:

Seminarios de Investigación ECOBAS

Economics and Business Administration for Society

Son encontros nos que se convida a **investigadores e investigadoras de excelencia,** nacionais e internacionais, a impartir relatorios científicos sobre o seu traballo. Estes seminarios son actividades de interacción, na que as persoas asistentes teñen ocasión de plantexarlles os seus comentarios e dúbidas.

Celébranse semanalmente e teñen unha duración aproximada dunha hora. Para facelos accesibles á totalidade da comunidade académica, estes seminarios son retransmitidos en directo, permitindo tamén ás persoas que asisten de maneira virtual intervir, comentar e preguntar. Aínda que o público principal é o persoal investigador, esta característica dos nosos seminarios ofrece a posibilidade de que a cidadanía tamén poida ter acceso a estas presentacións e se familiarice co traballo dos investigadores e investigadoras.

A maioría dos seminarios de investigación organízanse na sede principal de ECOBAS, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias de Vigo, pero pódense desenvolver desde calquera dos campus universitarios galegos.

Sempre que o convidado ou convidada o consinte, os seminarios son gravados e postos á disposición do público dende a nosa ***mediateca.***

Para estar informado dos seminarios que celebramos en ECOBAS e de toda a axenda de eventos, podes consultar a nosa web www.ecobas.gal ou podes subscribirte ás nosas notificacións vía mail aquí

ÚLTIMOS SEMINARIOS DE INVESTIGACIÓN CELEBRADOS

MARIO PANSERA
Universidade de Vigo
'Prospering without growth. Science, Technology and innovation in a post-growth era'
Preme aquí para ver o vídeo

CARLOS HERVÉS
Universidade de Vigo
'On Coase's ideas. Pricing Externalities and redistributive effects'
Preme aquí para ver o vídeo

ANA RODRíGUEZ
Universidade de Lund (Suecia)
'The impact of the female advantage in education on the marriage market'

JORGE HIGINIO MALDONADO
Universidade de Los Andes (Colombia)
'Entendiendo los medios de vida de pescadores artesanales en el caribe colombiano: una aproximación a partir de un modelo de producción de hogares'

JORDI BRANDTS
Instituto de Análisis Económico (CSIC) e Barcelona School of Economics
'Competition and Gender Inequality: A comprehensive analysis of effects and mechanisms'

ANTONIO CABRALES
Universidade Carlos III de Madrid
'The effect of ambiguity in strategic environments: an experiment'

EMMA IGLESIAS
Universidade da Coruña
'The influence of Extreme Events such as Brexit and COVID 19 on Global Equity Markets'

SALVADOR ORTIGUEIRA
School of Economic Sciences Washington State University
'Ingreso Mínimo Garantido ou Complementos Salariais? O Deseño Óptimo dunha Política de Rendas'

Seminarios de Transferencia

Libra de Oficio

O pasado mes de setembro inauguramos o ciclo de seminarios de transferencia do coñecemento 'Libra de Oficio', que tivo como madriña á zoqueira Elena Ferro, Premio Nacional de Artesanía en 2019.

O nome deste ciclo de seminarios, libra de oficio, provén do popular refrán 'Máis vale libra de oficio ca arroba de terra', que significa que o saber vale máis có haber, e pretende salientar a importancia do coñecemento e a investigación para o desenvolvemento da sociedade. O obxectivo destes seminarios é, por tanto, o de achegar o ámbito científico á cidadanía, poñer de relevancia os ámbitos de traballo do Centro, e establecer e estreitar lazos cos distintos axentes sociais (empresas, administracións, asociacións...), para poñer a investigación ó seu servizo. Para isto convídase a representantes de entidades de interese, con proxectos empresariais ou actividades profesionais atractivas e innovadoras, a impartir unha charla, aberta a calquera tipo de público, e contar a súa experiencia á fronte das súas organizacións. Ó igual que no caso dos seminarios de investigación, salvo excepcións, estes eventos son retransmitidos en directo, e tanto o público presencial coma o virtual ten a posibilidade de trasladar as súas inquedanzas e comentarios ós/ás relatores/as, establecéndose un diálogo entre o persoal investigador, a cidadanía e os/as convidados/as.

Os Libra de Oficio teñen unha periodicidade mensual, organízanse en distintos enclaves de Galicia, e van acompañados de agasallos, sorteos de produtos propios das entidades convidadas, e/ou actividades lúdicas posteriores ó evento.

ELENA FERRO - *Zoqueira e Premio Nacional de Artesanía 2019*

MUSEO DO POBO GALEGO - Santiago de Compostela

A artesá de Merza falou da empresa familiar que o pasado 2015 cumpriu un século. Os zocos Eferro pisan a día de hoxe grandes pasarelas de moda internacional e comercialízanse a través de internet; todo isto sen abandonar o mercado tradicional das feiras en Galicia.
Todos os asistentes participaron no sorteo duns zocos e foron agasallos con un "chaveiro minizoco".

Preme aquí para ver o vídeo

MUUHLLOA - *Chusa Expósito Casal e Carmela Valiño Vázquez*

Facultade de Ciencias Económicas da USC

Chusa Expósito Casal e Carmela Valiño Vázquez , presidenta e secretaria da Cooperativa Muuhlloa, falaron do funcionamento da súa cooperativa, que traballa día a día para a revitalización do rural a través da innovación e a produción ecolóxica.
Os asistentes ó seminario poideron probar as infusións que produce Milhulloa (socia da cooperativa) e participaron no sorteo dunha cesta dos seus produtos cosméticos e de alimentación co selo do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Preme aquí para ver o vídeo

ADEGAS MARTÍN CÓDAX - *Juan Vázquez Gancedo - Secretario xeral*

Adegas de Martín Códax en Cambados

Juan Vázquez Gancedo, secretario xeral de Viticultores Martín Códax Sociedade Cooperativa Galega, compartiu co público os segredos do funcionamento desta entidade con máis de 30 anos de traxectoria, e do seu sistema de produción. Tamén explicou algunhas das estratexias de marketing e de I+d+i que permiten que esta adega sexa a máis importante da denominación de orixe Rías Baixas.
Ademáis da charla, os asistentes poideron facer unha visita guiada á bodega e asistir a unha cata.

Seminarios de Doutoramento

Os seminarios de Doutoramento de ECOBAS puxéronse en marcha recentemente.

Estes seminarios son impartidos por Investigadores Junior que obtiveron o seu título de doutor con menos de dous anos de antigüidade ou por investigadores predoutorais que están desenvolvendo actualmente o seu proxecto de tese.

IRIA GARCÍA LORENZO
Doutora pola Universidade de Vigo
'Community-based fisheries organisations and sustainable development: Lessons learned from a comparison between European and Asian countries'

ROLANDO MIGUEL MELO VAZ
Alumno do Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
'The Growth of Firms: Factors, Strategies and Case Studies'

ÚLTIMAS PUBLICACIÓNS DESTACADAS EN REVISTAS DE IMPACTO

A continuación podedes atopar unha selección de publicacións destacadas dos nosos investigadores e investigadoras durante o segundo semestre do ano 2021.

- Owen, R., Pansera, M., Macnaghten, P., & Randles, S. (2021). Organisational institutionalisation of responsible innovation. Research Policy, 50, 1-13.
- Pena-López, A., Rungo, P., y Sánchez-Santos, J.M. (2021). Inequality and individuals' social networks: the other face of social capital. Cambridge Journal of Economics, 45(4), 675–694
- Pansera, M., Genovese, A., & Ripa, M. (2021). Politicising Circular Economy: what can we learn from Responsible Innovation? [Journal of Responsible Innovation, In press, 1-7.
- Reboredo, J. C., & Otero González, L. A. (2021). Low carbon transition risk in mutual fund portfolios: Managerial involvement and performance effects. Business Strategy and the Environment, In press.
- Reboredo, J. C., Ugolini, A., & Hernandez, J. A. (2021). Dynamic spillovers and network structure among commodity, currency, and stock markets. Resources Policy, 74, 1-11.
- Villasante, S., Tubío, A., Ainsworth, G., Pita, P., Antelo, M., & Da-Rocha, J. M. (2021). Rapid Assessment of the COVID-19 Impacts on the Galician (NW Spain) Seafood Sector. Frontiers in Marine Science, 8.
- Antelo, M., Peón, D., & Martínez-Filgueira, X.-M. (2021). Mergers by family firms and managerial delegation: a Cournot model and empirical evidence from Spain. Management Research Review.
- Lago, I., & Lago-peñas, C. (2021). Waiting or Acting ? The Gender Gap in International Football Success. International Review for the Sociology of Sport, In press, 1-18.
- Loureiro, M. L., & Alló, M. (2021). How has the COVID-19 pandemic affected the climate change debate on Twitter?. Environmental Science and Policy, 124, 451-460.
- Sanzo-Pérez, M. J., Rey-García, M., & Álvarez-González, L. I. (2021). Downward accountability to beneficiaries in social enterprises: do partnerships with nonprofits boost it without undermining accountability to other stakeholders? Review of Managerial Science, In press, 1-28.
- Salido-Andres, N., Rey-Garcia, M., Alvarez-Gonzalez, L. I., & Vazquez-Casielles, R. (2021). When the winner takes it all: online campaign factors influencing the success of donation-based crowdfunding for charitable causes. International Review on Public and Nonprofit Marketing, In press.
- Apolo-Vivanco, N. J., López-Rodríguez, J., & Sotomayor-Pereira, J. G. (2021). Theoretical Aspects of the Strategic Management Decision-Making of Companies. Contributions to Management Science, 3-22.
- Gago, A., Labandeira, X., Labeaga, J. M., & López-Otero, X. (2021). Transport Taxes and Decarbonization in Spain: Distributional Impacts and Compensation*. Hacienda Publica Espanola, 238(3), 101-136.

PREMIOS E BOLSAS

Medallas de Investigación da REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS

Carlos Hervés Beloso

Medalla de Investigación Domingo García-Sabell Rivas
Sección de Ciencias Económicas e Sociais

PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO

Juan Ignacio Martín-Legendre

"New insights into inequality: measurement, determinants and other socioeconomic issues"
Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial

Axudas Margarita Salas do Ministerio de Universidades

(Programa de axudas para fomentar a recalificación e a mobilidade internacional)

Iria García Lorenzo
Nadin Ozcelik
Beatriz Rodríguez Salvador

Axudas destinadas a novos doutores e doutoras que obtiveron o título de doutor como máximo nos dous últimos anos desde o peche do prazo de presentación de solicitudes. A duración das estadías será de 2 ou 3 anos. Deberán incorporarse nunha universidade ou centro de investigación distinto a aquel no que realizou a súa formación predoutoral e obtivo o doutoramento. No caso de que a estancia se realice en centros extranxeiros, o último ano da axuda deberá realizarse nunha universidade española.

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

ÚLTIMAS TESES DEFENDIDAS

MANUEL CARLOS NOGUEIRA
"Are International Rankings good predictors of Economic Growth?"
Dirixida por Mara Teresa Madaleno Silva
Data de defensa: 20 de setembro de 2021

MAR FERNÁNDEZ VÁZQUEZ-NOGUEROL
"Modeling and optimization of the supply chain in e-groceries"
Dirixida por José Carlos Prado Prado e Raúl Poler Escoto
Data de defensa: 11 de outubro de 2021

ROLANDO MIGUEL MELO VAZ
"Growth of firms"
Dirixida por Eduardo Luís Giménez Fernández e José Antonio Novo Peteiro
Data de defensa: 3 de decembro de 2021

SAVE THE DATE

14 de xaneiro 2022

Seminario de Investigación ECOBAS
André Seidel
Universidade de Bergen (Noruega)

25 de xaneiro 2022

LIBRA DE OFICIO
EDITORIAL GALAXIA
A industria editorial e cultural galega
Francisco Castro - Director Editorial Galaxia
Inma López Silva - Escritora

Consulta a información actualizada dos nosos eventos en **www.ecobas.gal**

COMITÉS EDITORIAIS

Os nosos investigadores e investigadoras forman parte de comités editoriais de distintas publicacións de investigación e economía.

A continuación móstranse as incorporacións máis recentes:

EMMA IGLESIAS
Associate Editor of **Applied Economics**
Associate Editor of **Applied Economics Letters**

Podes consultar todas as participacións dos nosos membros nestes organismos no **anterior boletín**

COMITÉS NACIONAIS

Algúns dos investigadores de ECOBAS forman parte de diversos comités nacionais. A continuación móstranse as incorporacións máis recentes:

MARIA LOUREIRO
Consejo Nacional del Clima (CNC)
Setembro 2021

Podes consultar todas as participacións dos nosos membros nestes organismos no **anterior boletín**

DESTINOS DAS NOVAS DOUTORAS

Iria García Lorenzo - *Doutora pola Universidade de Vigo*
Institute for the Oceans and Fisheries
University of British Columbia (Canadá)

Nadin Ozcelik - *Doutora pola Universidade de Vigo*
Proxecto: EU 1.5 Lifestyles
Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña

Beatriz Rodríguez Salvador - *Doutora pola Universidade da Coruña*
Universidade do Porto

CHAMADA Á ADSCRICIÓN A ECOBAS

Convocatoria para a adscrición de persoal investigador ao Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade/ "Economics and Business Administration for Society" (ECOBAS)

O Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS (Economics and Business Administration for Society) abre o proceso para a presentación de expresións de interese para adscribirse ó mesmo.

Esta convocatoria de solicitudes de vinculación está aberta ao persoal docente e ao persoal investigador das tres universidades públicas do Sistema Universitario Galego, que cumpran os requisitos fixados.

As persoas candidatas serán avaliadas por un Comité Avaliador Externo en base á súa traxectoria en investigación, docencia e transferencia do coñecemento, que terá en conta a etapa profesional na que se atope cada solicitante.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 30 de xaneiro de 2022 ás 14.00h, e as indicacións para facelo, así coma o resto dos detalles sobre o proceso, pódense consultar **neste documento.**

+34 986 81 87 41 · 645 519 275
School of Economics and Business Administration (Oficina 309)
Universidade de Vigo · Campus Lagoas-Marcosende
36310 Vigo · España

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA · Universidade de Vigo · XUNTA DE GALICIA